

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024987	IES de Soutomaíor	Soutomaíor	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO. Para a súa elaboración tiveronse en conta as directrices normativas recollidas a continuación:

- A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- O Decreto 117/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Resolución do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.
- A Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Do mesmo xeito, é de aplicación para o deseño desta programación a normativa para a Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia vixente neste curso 2023/24.

O IES de Soutomaio está situado na localidade de Arcade, concello pontevedrés de Soutomaio. Arcade constitúe o núcleo urbano do concello e ocupa a fronte costeira da vila. Nela atopamos os principais servizos económicos (zonas comerciais, porto pesqueiro, etc.), sociais (dispón de numerosas asociacións musicais, artísticas, grupo de teatro, etc.), culturais e de ocio (biblioteca, edificio de charlas e exposicións, porto deportivo, áreas recreativas, praias, punto de paso de peregrinos, etc.), polo que actúa como referente para as aldeas limítrofes. Soutomaio, que cuadriplica en extensión o territorio de Arcade, en cambio, caracterízase por ser núcleo principalmente rural e de maior dispersión da poboación.

O IES de Soutomaio é un centro de recente creación (inaugurado no curso 2018-2019) con alumnado procede na súa maior parte do antigo CPI Manuel Padín Truiteiro, agora reconvertido en CEIP, así como do CEIP de Pontesampaio (Pontevedra). No curso 2023/24 o centro conta con 4 grupos de 1º da ESO. Na materia de proxecto competencial hai 3 grupos, cuxa distribución é a seguinte:

- 1ºA+B: 28 alumnos e alumnas en total, 14 de cada clase.
- 1ºC: 27 alumnos e alumnas.
- 1ºD: 25 alumnos e alumnas.

Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos. As instalacións do centro serán útiles para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, dispoñendo de, por exemplo, ordenadores E-Dixgal para o uso de ferramentas dixitais. As aulas tamén contan con encerados dixitais para apoiar o traballo diario na aula.

Para o alumnado con necesidades especiais (NEE) realizaranse as correspondentes adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), estableceranse as medidas de reforzo necesarias para favorecer a súa aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os residuos e o consumo responsable.	Nesta unidade estúdase a orixe, problemática e xestión dos residuos, así como a importancia do consumo responsable como solución a este problema e outros de carácter ambiental.	45	15	X	X	X
2	Poñémonos mans á obra!	Nesta unidade o alumnado investigará e propoñerá alternativas e solucións aplicadas á súa vida cotiá, coa elaboración de miniproxectos planificados.	45	15	X	X	X
3	Pequenas cousas contan.	Nesta unidade expoñeranse e presentaranse ao resto da comunidade educativa os traballos elaborados a modo de campaña de concienciación.	10	5	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os residuos e o consumo responsable.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Identificar a orixe, problemática e xestión dos residuos, así como o papel que xoga o consumo responsable como evitar os problemas ambientais.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización dos proxectos.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización dos proxectos.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Poñémonos mans á obra!	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Pequenas cousas contan.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar os produtos elaborados.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levaranse a cabo unha serie de actividades ou miniproxectos encamiñados á concienciación e responsabilidade sobre o propio estilo de vida e a repercusión que teñen os pequenos actos do noso día a día. Así mesmo preténdese facer ver que hai alternativas máis saudables, que xeneran menos residuos, e que implican menos consumo e gasto.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

As actividades serán realizadas en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno poderá asumir tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN traballarase o marco teórico sobre a problemática dos residuos e o alumnado realizará carteis informativos sobre algunha das temáticas traballadas (reciclaxe, consumo responsable...), que serán expostos para o resto do alumnado do centro. Realizaranse traballos de reciclaxe para a decoración de Samaín e Nadal.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN iranse plantexando diferentes actividades (miniproxectos), que serán unha forma práctica de entender como minimizar a produción de residuos no noso día a día, e levar unha vida máis saudable. Algunhas das ideas propostas son as seguintes:

- Taller de almozos saudables.
 - Análise nutricional e de residuos das merendas.
 - Elaboración dun portabocadillos reutilizable.
 - Elaboración de miniinvernadoiros para facer semilleiros na horta.
 - Elaboración de derivados lácteos: iogurt, queixo, kéfir.
- Na TERCEIRA AVALIACIÓN traballase o tema da contaminación dos océanos e coñeceremos o mundo do marisqueo, e realizarase unha visita á zona de marisqueo da Confraría de Arcade.
- Así mesmo, nas tres avaliacións participaremos nas tarefas de posta en marcha e mantemento da horta ecolóxica do centro

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador (Proxecto E-Dixgal)
Caderno

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal. Tamén se dispoñerá de espazos abertos ao aire libre , como a horta do centro escolar.

Así mesmo dispoñeráse dos materiais necesarios, que na maior parte serán reciclados, para a elaboración dos proxectos, así como produtos de orixe natural. Estes serán aportados na medida do posible polo propio alumnado, e tamén polo centro educativo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba escrita inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	45	45	10	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Na ESO realizaranse tres avaliacións parciais ordinarias e unha avaliación final.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos traballos feitos. A nota de cada avaliación será establecida en función do seguinte criterio:

- 50% nota media dos traballos .

- 50% valoración de aspectos procedimentais, valorados obxectivamente cunha rúbrica de indicadores.

Para aprobar a avaliación a nota debe ser igual ou superior a 5.

A nota final virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

No boletín de notas indícanse as cualificacións das tres avaliacións parciais e tamén a da final. A cualificación da avaliación final atenderá aos criterios antes citados, podendo ser dita nota inferior, igual ou superior á nota obtida na 3ª parcial.

Criterios de recuperación:

Un alumno/a poderá suspender a avaliación no caso de que non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto. Neste caso poderá recuperar esa avaliación se aproba a seguinte (a 1ª poderá ser recuperada coa 2ª e a 2ª coa 3ª), polo tanto realizarase unha avaliación continua. A 3ª avaliación suspensa poderá ser recuperada coa repetición ou corrección dos proxectos non presentados .

No caso de que unha/un alumna/o non acade a media de 5 na avaliación final deberá facer unha proba escrita de recuperación sobre os aspectos traballados ao longo do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste curso non hai ningún estudante en 2º, 3º ou 4º de ESO coa materia de proxecto competencial de 1º de ESO sen superar. Porén, se ao longo do curso se incorporara un alumno ou unha alumna coa materia sen superar tomaranse as medidas acordadas no Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, e se elaboraría un "Plan de reforzo para alumnado da ESO que pase de curso con materias sen superar". Este programa de reforzo sería titorizado polo profesorado do departamento que lle dera clase, e no caso de non ter ningunha materia do departamento realizaría o seguimento e a avaliación a xefa de departamento.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN PARCIAL: O cálculo da nota en cada avaliación estará representado por:

- 100%: Elaboración e presentación dun proxecto de temática medioambiental asociado aos criterios de avaliación non superados establecidos no seu plan de reforzo. O instrumento de avaliación será a táboa de indicadores.

A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5. Se o alumno supera unha avaliación, as seguintes avaliacións considéranse aprobadas, pero poderá presentar un novo proxecto cada trimestre ata acadar a máxima cualificación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL: A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN: O alumnado recuperará unha avaliación suspensa, se supera a seguinte avaliación. En caso de suspender as 3 avaliacións, se establecerá en xuño un novo prazo para entregar e presentar o proxecto. A

avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo.

Para o alumnado con necesidades especiais (NEE) realizaranse as correspondentes adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), estableceranse as medidas de reforzo necesarias para favorecer a súa aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Taller de microcompostaxe	Simulación do proceso de compostaxe a pequena escala. Plan Revitaliza.		X	
Taller de almozos saudables.	Preparación e degustación de un almuerzo saudable no propio centro.		X	
Visita á Confraria de Arcade	A actividade consistirá nunha visita á confraría e zona de marisqueo e charla das mariscadoras.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Incorporación dos elementos transversais
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Análise e comentario co alumnado dos aspectos máis significativos derivados da corrección de probas, traballos...
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Coa finalidade de promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento de programacións didácticas, ao finalizar cada unidade didáctica realizaranse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do traballo programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Así mesmo, unha vez cada trimestre, nas reunións de Departamento, e antes das CCP nas que haxa que informar da evolución das programacións. Dita avaliación quedará rexistrada nas actas de reunións de Departamento.

Unha vez finalizado o curso avaliaranse todos os compoñentes da programación e tomaranse decisións sobre a mesma que quedarán reflectidos na acta de reunión de Departamento e que servirá para introducir os cambios precisos na programación do seguinte curso. Na memoria de Departamento incluíranse os contidos que foron precisos engadir ou eliminar da mesma.

Nesta avaliación final da programación valoraranse os seguintes indicadores:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas, temas ou proxectos.
- Secuenciación e temporalización prevista da programación.
- Adecuación da secuenciación dos contidos nas unidades, temas ou proxectos.
- Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada criterio de avaliación.
- Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliación inicial.
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc
- Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación
- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final
- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria
- Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes
- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes.
- Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada criterio.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE
- Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
- Adecuación do sistema de información ás familias sobre criterios de avaliación, e instrumentos.
- Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados